

OS VIRUS EVOLUCIONARON!

Xusto cando os esforzos dos nosos médicos comezaban a dar os seus froitos, os problemas complícanse.

As mostras almacenadas no laboratorio para o seu estudo revelan que os virus mutaron, volvéndose moito máis resistentes e agresivos.

As medicinas tradicionais resultan inútiles contra eles. E aínda que os nosos científicos traballan para crear novas medidas efectivas, o tempo corre e os novos virus comezan a expandirse sen control sementando o pánico no laboratorio.

O teu labor agora será controlar a nova pandemia e evitar que os virus evolucionados alcancen á poboación.

Tenta manter a raia os virus poñéndoos en corentena para evitar a súa propagación, pero anda con ollo porque os teus rivais non che poñerán as cousas sinxelas e farán todo o posible por boicotear o teu traballo e quedar con toda a gloria.

CONTIDO

A caixa contén un mazo de **33 cartas** divididas nos seguintes tipos:



Tamén se inclúen cartas en branco para que inventes as túas propias regras!

PREPARACIÓN

Engade as cartas de **VIRUS! 2** á baralla orixinal de VIRUS! e mestura ben todas as cartas.

Coloca a parte inferior da caixa (zona de corentena) ao alcance de todos os xogadores.

Se queres volver a xogar ao VIRUS! orixinal, tan só tes que retirar as cartas marcadas na esquina inferior esquerda co símbolo 2.



MECÁNICA E OBXECTIVO DO XOGO

Para xogar a **VIRUS! 2** segue as regras básicas de VIRUS!: reúne 4 órganos sans no teu corpo para obter a victoria.

VIRUS! 2 inclúe algunhas cartas que modifican o xogo. A continuación, explicámosche que fai cada carta.

TIPOS DE CARTA



ÓRGANOS

Non podes ter no teu corpo dous órganos iguais en ningún momento.



ÓRGANO BIÓNICO

Non pode ser infectado por ningún tipo de virus, xa sexan básicos ou evolucionados. Tampouco se pode xogar ningunha medicina enriba deste órgano. Porén, si pode ser obxectivo dalgúns tratamentos.

Este órgano conta como un órgano extra dunha nova cor (gris) para formar o teu corpo.

Podes ter ata 6 órganos diferentes no teu corpo e conseguir a victoria se 4 deles están sans.



VIRUS EVOLUCIONADOS

Estes novos virus son tan resistentes que non poden ser curados con medicinas básicas: necesitas unha medicina experimental para eliminalos. Tamén podes empregar tratamentos para desfacerte deles.

Os virus evolucionados só teñen efecto enriba de órganos e medicinas da súa mesma cor.



INFECTAR

Coloca unha carta de virus evolucionado enriba dun órgano libre da súa mesma cor para infectalo. Os órganos infectados **non se consideran sans**, e polo tanto, non poden axudarche a completar o teu corpo.



EXTIRPAR

Destrúe un órgano infectado. Coloca un segundo virus enriba dun órgano xa infectado: ese órgano é destruído e as tres cartas van parar ao montón de descartes.

Podes extirpar un órgano xogando un virus evolucionado enriba dun básico (a) ou viceversa (b). Tamén podes facelo empregando dous virus evolucionados (c).



DESTRUIR VACINA

Destrúe unha vacina. Emprega un virus evolucionado para eliminar unha medicina básica da súa mesma cor que se atope enriba dun órgano. Envía ambas cartas ao montón de descartes.



MEDICINAS EXPERIMENTAIS

As medicinas experimentais permiten protexer o teu corpo contra os virus básicos e virus evolucionados. Emprega as cartas de medicina experimental só enriba das cartas (virus ou órganos) da súa mesma cor.



CURAR

Destrúe un virus básico ou evolucionado. Emprega unha carta de medicina experimental para descartar un virus básico (a) ou evolucionado (b) da súa mesma cor que se encontre enriba dun órgano. Envía ambas cartas ao montón de descartes.



(a)



(b)



INMUNIZAR (1 + 1)

Coloca unha medicina experimental enriba dun órgano vacunado para inmunizalo. Este queda **protexido para sempre** contra o ataque de **calquera virus** e non poderá ser destruído. Xira as dúas medicinas enriba do órgano para indicar que este está inmunizado.



SUPERINMUNIZAR (1)

Coloca unha medicina experimental xirada enriba dun órgano libre para inmunizalo **automaticamente**.



TRATAMENTOS

Estas cartas xóganse enriba do montón de descartes e teñen efecto inmediato.



HORAS EXTRA

Xoga as outras dúas cartas da túa man. Ao final da quenda rouba ata volver a ter 3 cartas na man.



SEGUNDA OPINIÓN

Intercambia a túa man coa doutro xogador. Despois **podes xogar unha das cartas recibidas**, pero non podes descartalas. O outro xogador comezará a súa próxima quenda coas cartas que ti lle pasaras.



TRAXE DE PROTECCIÓN

Xoga esta carta **durante a quenda doutro xogador**.

Evita o efecto dunha carta de calquera tipo xogada contra ti.

O teu rival deberá buscar un novo obxectivo válido entre o resto de xogadores, incluído el mesmo. No caso de non atopalo, a súa carta non terá efecto e será descartada.

Non podes responder a un “Traxe de protección” con outro.

Exemplo: Se intentas xogar un virus contra un rival e este responde con “Traxe de protección”, busca un novo xogador ao que infectar. Se só ti tes ese órgano, deberás xogalo contra o teu propio corpo e non poderás evitalo empregando outro “Traxe de protección”.

Non robes despois de xogar esta carta; comezarás a túa próxima quenda cunha carta menos na man.

Se a carta **afecta a todos os xogadores**, terá efecto sobre os demais pero non sobre ti.

Exemplo: Se empregas o “Traxe de protección” para librarte dun “Guante de látex”, ti non terás que descartar a túa man como o resto de xogadores. Cando chegue a túa quenda, poderás xogar unha das túas dúas cartas restantes.



CORENTENA

Retira do xogo unha carta de virus.

Cura un virus básico ou evolucionado e garda esa carta no interior da caixa (zona de corentena).

A carta retirada permanecerá fóra do xogo durante o resto da partida. Non esquezas recuperar esas cartas para a seguinte partida!

CARTAS MULTICOLOR

En **VIRUS! 2** tamén se inclúen novas cartas multicolor.

Recorda que este tipo de cartas contan como comodíns, sempre manteñen as 4 cores e **non substitúen a ningunha outra**.

O **órgano multicolor** non substitúe a ningún outro órgano e sempre se considera un órgano diferente co que poderemos completar o noso corpo.

Porén, ao ser de 4 cores, pódese inmunizar con dúas medicinas diferentes e ser extirpado con dous virus distintos, xa sexan básicos ou evolucionados.



O **virus evolucionado multicolor**, ao igual que o básico, pode afectar a calquera órgano ou medicina, pero tamén pode curarse cunha medicina experimental de calquera cor.

As **medicinas experimentais multicolor** poden inmunizar calquera órgano e curar calquera tipo de virus. Porén, non poden ser destruídas por ningunha clase de virus.



OUTROS MODOS DE XOGO



MODO EPIDEMIA

Para acelerar as túas partidas a 6 xogadores, cada vez que empregues unha medicina experimental para curar un virus (básico ou evolucionado), descártao do xogo para o resto da partida. Garda esa carta no interior da caixa (zona de corentena) ata o final do xogo.

MODO DUELO

Se queredes que as vosas partidas a 2 xogadores sexan máis enfrentadas, podedes xogar ata reunir 5 órganos sans no voso corpo.

Virus! 2 Evolution.

Idea original, copyright e dereitos intelectuais.

©Tranjis Games:

Domingo Cabrero, Carlos López y Santi Santisteban.

Deseño: Santi Santisteban.

Ilustracións: David GJ. www.davidgj.com

Todas as ilustracións son propiedade do autor e cedidas a TRANJIS GAMES S.L. Queda prohibida a súa reprodución sen o expreso consentimento da empresa.

“Virus! 2 Evolution”, editado en Madrid, 2018. Producido por TRANJIS GAMES S.L. CIF: B-87478038. Avd. los Almendros 40, 28522, Rivas-Vaciamadrid, Madrid, ESPAÑA.

Impreso en Polonia por Fabryka Kart Trefl Kraków, www.trefl.krakow.pl

Tradución ao Galego: Laura Blanco Mata



www.tranjisgames.com

[@tranjisgames](https://twitter.com/tranjisgames)

[/tranjisgames](https://facebook.com/tranjisgames)